



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL CON MOTIVO DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS, DECLARACIÓN RESPONSABLES E NA TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES DE LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

Artigo 1. - FUNDAMENTO E NATUREZA.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 y 144 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto cos artigos 15 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación de servizos ou a realización de actividades administrativas derivadas da tramitación do expediente de concesión de licenzas, das declaracións responsables ou das comunicacións previas presentadas para a apertura de establecementos a que se refire o artigo 20.4.i) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal segundo o previsto no artigo 57 do citado Real decreto legislativo.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar si os establecementos industriais e mercantís cumpren as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outra esixida polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu legal e normal funcionamento como requisito necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza de actividade ou apertura a que se refire o artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, ou con ocasión da presentación das declaracións responsables ou comunicacións previas cando sexan esixibles; tanto si esa actividade se produce como consecuencia dunha petición do interesado, como si se orixina por comprobación ou inspección nos supostos en que se descubra a existencia de actividades que non estean plenamente amparadas pola correspondente licenza, declaración responsable ou comunicación previa.

2.- A tal efecto, terá a consideración de apertura:

- a) A instalación por vez primeira do establecemento para o comezo das súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A ampliación do establecemento ou calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte as condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.



3.- Aos efectos de aplicación desta taxa entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación habitable, aberta ou non ao público, que non se destine exclusivamente a vivenda e que:

- a) Se adique ao exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesán, da construción, comercial, mercantil, profesional ou de servizos, estea ou non suxeita ao imposto sobre actividades económicas.
- b) Os que, aínda sen exercer aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas en forma que lles proporcionen beneficios ou aproveitamento, como no caso de almacéns, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

Artigo 3.- SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, se é o caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 4.- RESPONSABLES.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5.- BASE IMPOÑIBLE.

1.- Constitúe a base imponible desta Taxa a cota da tarifa do imposto sobre actividades económicas.

2- Se pola aplicación do procedemento previsto no apartado anterior non fora posible determinar a base imponible tomarase como tal a renda anual que lle corresponda ao establecemento. A determinación farase observando as seguintes regras .

- a) Cando o suxeito pasivo sexa propietario, usufrutuario ou titular dunha concesión administrativa sobre o establecemento, a renda anual será a que resulte de aplicar o tipo de interese legal do Banco de España ao valor catastral que dito establecemento teña sinalado no imposto sobre bens inmobles.
- b) Nos demais casos, a renda anual será a que se satisfaga por cada establecemento, por razón do contrato de arrendamento, subarrendo, cesión ou calquera outro título que ampare a súa ocupación, con inclusión dos incrementos e cantidades asimiladas a renda, se é o caso. Se no contrato apareceran pactadas diferentes rendas para períodos distintos, tomaranse como base a maior, aínda que corresponda a períodos anteriores ou posteriores á solicitude da licenza, comunicación previa ou declaración responsable.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

- Cando a renda pactada sexa inferior á que resultase de aplicala regra anterior, tomarase como base imponible esta última.
- c) Cando nun mesmo local existan, sen discriminación no título de ocupación do mesmo, espazos destinados a vivenda e a establecementos suxeito á taxa, a base deste último será a que proporcionalmente a súa superficie lle corresponda no importe total da renda anual que, conforme as regras precedentes, se impute ao devandito local.
 - d) Cando se trate dunha ampliación do establecemento, a base imponible será a renda anual que corresponda á superficie na que se amplíe o local, calculada conforme o previsto nas devanditas regras anteriores.

Artigo 6.- COTA TRIBUTARIA.

1.- A cota tributaria resultará de aplicar sobre a base imponible definida no artigo anterior, os seguintes tipos de gravame:

Base imponible	Tipo de gravame
Calculada en función da tarifa do imposto sobre actividades económicas	200 %
Calculada en función da renda anual que corresponda ao establecemento segundo as regras do artigo 5.2	10 %

2.- A cota tributaria máxima a liquidar será de 1.202,02 euros.

3.- A cota tributaria esixirase por unidade de local.

Artigo 7.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Non serán aplicables outros beneficios fiscais máis que os expresamente previstos en normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais.

Artigo 8.- DEVENGO.

1.- Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando comece a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos, entenderase iniciada a devandita actividade na data de presentación da solicitude de licenza de actividade ou apertura, se o suxeito pasivo a formula expresamente, ou na data de presentación da comunicación previa ou declaración responsable cando se trate de actividades non suxeitas á autorización ou control previo.

2.- Cando a apertura tivese lugar sen ter obtido a oportuna licenza ou sen ter presentado a correspondente comunicación previa ou declaración responsable, a taxa devengarase ao inicio efectivo da actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do procedemento administrativo que se instrúa para autorizar a actividade ou resolver o peche do local.



3.- A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, en modo algún, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a licenza. Asimesmo, non resulta tampouco afectada pola ineficacia da declaración responsable ou comunicación previa que no seu caso correspondese a incumprimentos, formais ou de requisitos substanciais esixidos pola normativa vixente, imputables ao interesado.

Artigo 9.- NORMAS DE XESTIÓN.

1.- A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, debendo acreditarse o seu ingreso no momento de presentar a correspondente solicitude de licenza de actividade ou apertura, a comunicación previa ou a declaración responsable.

2.- Nos casos nos que o suxeito pasivo sexa propietario, usufrutuário ou concesionario do establecemento e este non teña sinalado valor catastral, sendo este preciso para determinar o importe da base imponible, efecturase unha autoliquidación provisional tomando como base imponible o valor de adquisición ou, se é o caso, o custe de construción do referido local. Unha vez fixado o valor catastral, practicarase a liquidación definitiva que proceda, deducíndose desa cota a autoliquidada de forma provisional. No caso de que a cota tributaria definitiva sexa superior á provisional requirirase ao interesado o abono da diferenza, devolvéndolle, no caso contrario, a cantidade ingresada en exceso.

3.- Se despois de formulada a solicitude de licenza de actividade ou apertura ou presentada a comunicación previa ou a declaración responsable se modificase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, se alterasen as condicións proxectadas para tal establecemento ou se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións deberán poñerse en coñecemento da administración municipal.

4.- Cando se proceda á apertura do establecemento sen previo abono da taxa e a infracción sexa coñecida mediante denuncia ou actividade inspectora a débeda será liquidada polo Concello de Marín e notificada ao suxeito pasivo para o seu ingreso de conformidade co establecido ao respecto na normativa tributaria.

5.- O Concello de Marín practicará, no seu caso, as liquidacións complementarias que legalmente procedan.

Artigo 10.- DEVOLUCIÓN.

Cando o interesado expresamente o solicite, procederase á devolución do 100% do importe da taxa nos casos de renuncia ou desestimento documental e expreso respecto da solicitude de licenza, da actuación declarada responsablemente ou obxecto de comunicación previa, cando esta renuncia ou desistimento se realice con carácter previo ao inicio polo Concello de calquera actuación conducente ao outorgamento da licenza ou á verificación das condicións do establecemento, sempre e cando o establecemento non estivera aberto en ningún intre. No caso de que no momento da renuncia ou desistimento xa se iniciaran as actividades de informe, inspección ou verificación, non procederá a devolución do importe da taxa. O estado da



tramitación constatarase en base a un informe emitido polos servizos técnicos municipais con competencias nesta materia.

Artigo 11.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

Todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e á imposición das sancións que correspondan, rexeráse polo disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.

Os preceptos desta ordenanza fiscal que por razóns de sistemática reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aquelas en que se fagan remisións a esta, entenderáse que son automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que traen causa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

Os correspondentes modelos de autoliquidación, que non teñen carácter regulamentario, serán aprobados por Resolución da Alcaldía ou da Concellería en quen delegue, debendo ser publicados na páxina web do Concello de Marín.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

1.- Durante o período de dous anos a contar dende o día seguinte ao de entrada en vigor da presente modificación da ordenanza os tipos de gravame a aplicar sobre a base imponible serán reducidos nun 50%, quedando establecidos do seguinte modo:

Base imponible	Tipo de gravame
Calculada en función da tarifa do imposto sobre actividades económicas	100%
Calculada en función da renda anual que corresponda ao establecemento segundo as regras do artigo 5.2	5%

2.- A redución nos tipos de gravame será aplicada a aqueles expedientes que se inicien durante o período indicado no punto primeiro, entendéndose iniciado o expediente na data na que se presente a solicitude de concesión de licenza, a comunicación previa ou a declaración responsable.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza Fiscal, que derroga a normativa propia de igual ou inferior rango que se opoña ao que nela se establece, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

Provincia e comezará a aplicarse no primeiro día do mes seguinte ao da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

APROBACIÓN INICIAL.-

BOP de Pontevedra nº 92, do 15 de maio de 1992.

MODIFICACIÓNS:

BOP de Pontevedra nº 39, do xoves 26 de febreiro de 2015.
